

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao incremento da débeda pública galega.

A publicación polo Banco de España dos datos da débeda pública segundo o protocolo de déficit excesivo por comunidades autónomas amosan un alza dos importes absolutos e porcentuais da nosa débeda pública.

Os datos do segundo trimestre do 2015 sinalan un teito histórico absoluto en materia de débeda pública: 10.210 millóns de euros, que supoñen un incremento de 304 millóns máis respecto ao primeiro trimestre deste ano e 299 millóns máis en comparativa interanual. Respecto ao tempo en que Núñez Feijóo fíxose cargo da presidencia da Xunta hai que anotar que a débeda pública supuña, ao remate do exercicio 2008, 3.954 millóns de euros.

En termos porcentuais, a débeda pública galega supón o 18,3% do PIB galego, tres décimas máis que o trimestre pasado. Lembrar que cando chegou Núñez Feijóo ao poder político da Xunta, a porcentaxe de débeda pública atopábase no 6,7% do PIB.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- En que se empregou ese incremento de débeda pública?

En Compostela, a 11 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/09/2015 13:18:45